



GUÍA DOCENTE DE **EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DA INTERPRETACIÓN E DO REPERTORIO**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | |
|---|----------------|----------|----------|----------|---|--------------|-----|---------------|--------------------------|------|
| DISCIPLINA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DA INTERPRETACIÓN E DO REPERTORIO | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE | Interpretación | | | | | | | ITINERARIO | Guitarra | |
| CARÁCTER | Obrigatoria | | | | | | | TIPO DE CLASE | Colectiva | |
| CURSOS | 1º curso | 2º curso | 3º curso | 4º curso | | DEPARTAMENTO | | | | |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | 1 h. |
| ECTS/CUAD. | | | | | | | 3 | | Observacións: | |

| 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS | |
|--|---|
| DESCRIPTOR: | Coñecemento e práctica dos diversos elementos que forman os criterios interpretativos das diferentes épocas, estilos e autores/as, atendendo tanto a aspectos técnicos do instrumento como compositivos ou estéticos en relación co repertorio do instrumento. Análise da evolución do repertorio: recursos, grafas, efectos tímbricos... |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: | Os requeridos na proba de acceso ao grao superior. Para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior. |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: | Dado o seu carácter eminentemente teórico, a sinerxía principal dáse coas disciplinas de Formación básica do ámbito da Musicoloxía. |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T2, T4, T8, T14, T16 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X3, X8, X9, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X25 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EI 1, EI4, EI6 |
| Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|---|---------------------------|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| Coñecer os diferentes estilos do repertorio da guitarra e instrumentos afines e a súa evolución ao longo da historia. | Todas |
| Coñecer as principais diferenzas de interpretación de cada un dos diferentes estilos do repertorio guitarrístico. | Todas |
| Coñecer os diferentes autores de repertorio para guitarra nas distintas fases do desenvolvemento deste instrumento. | Todas |
| Coñecer as obras principais dos autores máis destacados en cada un dos diferentes estilos. | Todas |
| Desenvolver a capacidade de investigación documental. | Todas |

| 4. CONTIDOS |
|---|
| O repertorio para corda pulsada nas distintas épocas: Características da linguaxe empregada. Principais formas musicais. A ornamentación en cada época. Principais autores. |
| Estudo dos rasgos biográficos máis importantes dos principais autores renacentistas de área geográfica. |
| Audicións das obras máis representativas de cada época. |



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

| ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | CUALIDADE | TEMPORALIZACIÓN |
|-------------------------|-----------------|---------------------|
| Clases prácticas | Presenciais | Todo o cuatrimestre |
| Audicións | Presenciais | Todo o cuatrimestre |
| Titorías | Presenciais | Esporádicamente |
| Traballo persoal | Non presenciais | Todo o cuatrimestre |

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións na programación correspondente.